



PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O DÍA 23 DE MARZO DO 2020

HORARIO	ACTIVIDADE
09:00	Aséome e preparo o meu almorzo
10:00	A FROITA NA NOSA DIETA
11:00	Aséome e preparo a miña merenda
12:00	Xogo libre/xogo só
13:00	TRES EN RAIÁ AO CORAZÓN Día mundial da síndrome de Down
14:00	Aséome, axudo a preparar a comida e a pór a mesa







AS ACTIVIDADES PROPOSTAS SON FLEXIBLES E VOLUNTARIAS

ACTIVIDADE DE LÓXICA MATEMÁTICA

LUNS DÍA 23 DE MARZO

Para esta semana faremos unha actividade que consiste en rexistar a cantidade de froita que comemos nunha semana.

Cada vez que comamos unha das froitas representadas pintaremos unha casilla, procurando que cada froita teña unha cor, por exemplo a pera e verde, mazá de vermello, plátano de amarelo, uvas de azul, laranxa de laranxa e o kiwi de marrón.

TOTAIS						
10						
9						
8						
7						
6						
5						
4						
3						
2						
1						
						

- De que froita comiches máis?
- Cal foi a que menos comiches?
- Comiches algunha froita distinta das que aparecen no gráfico? Cal?
- Comiches froita todos os días?

TRES EN RAI A AO CORAZÓN

ACTIVIDADE DENDE A AULA DE PT PARA O 23 DE MARZO



O día 21 de Marzo celébrase o día mundial da Síndrome de Down, polo que imos coñecer e saber un pouco máis do que é iso. Co gallo desta celebración realizaremos as seguintes **tarefas**:

PRIMEIRO: Imos escoitar a canción e ver o videoclip de “Tres en raia” feito polo grupo A Banda da Loba:

(<https://www.youtube.com/watch?v=SDUBlwWB4lk>).

GÚSTOUVOS? Agora imos comentar entre todos como son os rasgos físicos principais (cara, ollos, pel,...) e as actividades que eses nen@s estaban a facer. Poderíamos ser calquera de nós os que estivesen nese vídeo non?

AGORA...

4º de EI: Facemos un debuxo da nosa escola xogando con estes nen@s e poñemos por atrás o noso nome.

5º de EI: Facemos un debuxo da nosa escola xogando con estes nen@s e poñemos de título “TRES EN RAI A AO CORAZÓN”.

6º de EI: Facemos un debuxo da nosa escola xogando con estes nen@s e poñemos de título “Tres en raia ao corazón, 21 de Marzo día mundial da Síndrome de Down”.

PARA O ALUMNADO DE PRIMARIA

- Escoitamos varias veces e tentamos escribir 4 estrofas da canción. Podedes ir escoitando o vídeo e parando cantas veces queirades.

Unha vez escrito, sabedes cal é o retrouso? Marcádeo.



- **Investigamos:** Que é un cromosoma? Busca información necesaria para poder decir o que é para despois poder redactalo en tres liñas.

Porque é importante o cromosoma número 21 no caso da Síndrome de Down?

ENTRE TODOS construímos un tres en raia e a xogar!! (ligazón para podermos construír un:
<https://www.youtube.com/watch?v=c6UYQZH0o5Y>)

